



DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no **auditorio do edificio da Casa da Cultura**, no canto do Salón de Sesiões da Casa Consistorial (por razóns derivadas da situación de pandemia, Covid-19), o vindeiro **XOVES**, día **03 de XUÑO/2021** ás **20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión: 06.05.21 (Ordinaria).

2º.- Aprobación inicial ordenanza municipal reguladora: “Ordenanza reguladora da instalación de terrazas en dominio público e espazos privados de uso público, vinculados a actividades comerciais e da hostalaría, no municipio de Valdoviño”.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

3º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de abril de 2021.

4º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE